

PLAN DE CONVIVENCIA

**CEIP PLURILINGÜE
A REIGOSA**



INTRODUCCIÓN

1. Bases legais.....	3
2. Análise-diagnóstico da situación actual do centro.....	3
3. Obxectivos xerais.....	4
4. Comisión de convivencia.....	6
5. Actuacións, medidas ou programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia no centro.....	8
6. Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.....	11
7. Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.....	13
8. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.....	22
9. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	34
10. Difusión, seguimento e avaliación do plan de convivencia.....	35
11. Aprobación do plan de convivencia.....	37

Introdución

“Sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon a disposición do alumnado e, por tanto, das familias”.

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que

fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero ou o maltrato non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos, iso é a convivencia. Dende que o alumnado traspasa o seu limiar, todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro educativo xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

A consecución deste plan require a implicación de toda a comunidade educativa sendo o obxectivo final é a mellora da convivencia no centro e na comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

1. BASES LEGAIS

- ⌚ *Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. (LODE).*
- ⌚ *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- ⌚ *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- ⌚ *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011.*

2. ANÁLISE-DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO

O noso centro caracterízase por:

- Ser unha comunidade de aprendizaxe que aboga polo cambio e a innovación.
- Ser Plurilingüe impartíndose a área de Plástica en lingua inglesa de 1º a 6º de educación primaria.
- Ser E-dixgal nos cursos de 5º e 6º de educación primaria.

- Ser inclusivo, apostando pola atención á diversidade entendendo que a diversidade enriquece as nosas aulas.
- Desenvolver unha metodoloxía activa baseada na manipulación, no xogo e no papel do alumnado como protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Un centro promovedor da formación permanente do profesorado.
- Ser unha escola afectiva que considera a estabilidade e saúde emocional do seu alumnado como un eixe fundamental do éxito académico.
- Promover unha conciencia ecolóxica e sustentable contribuíndo ao desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030.
- Ser unha escola solidaria e sensibilizada coas desigualdades do alumnado e da súa contorna familiar.
- Potenciar a participación activa das familias no centro e facilitar a conciliación familiar.
- Fomentar os principios básicos de convivencia: respecto, igualdade, amizade, xustiza, tolerancia, solidariedade...e espírito crítico.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos do plan foron concretados a partir dos obxectivos xerais citados no *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro sobre a convivencia escolar na educación non universitaria de Galicia*.

<p>3.1 Obxectivos a nivel centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> 🕒 Lograr un clima de convivencia cálido e cercano para o profesorado, alumnado e familias, baseado no respecto e na comunicación. 🕒 Sensibilizar á comunidade educativa en relación coas situacións de maltrato e acoso para a súa prevención e detección. 🕒 Colaborar cos organismos municipais ou autonómicos competentes ou cantas outras entidades poidan contribuír á mellora da convivencia en todas as súas dimensións. 🕒 Fomentar a convivencia positiva e de respecto en todos os
---	---

	<p>espazos educativos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ⌚ Manter os espazos físicos compartidos (ximnasio, biblioteca, polo creativo, aula multixogo, etc.) limpos e ordeados. ⌚ Avaliar periodicamente a convivencia no centro e propor actuacións de mellora si así se considera.
<p>3.2 Obxectivos en relación ao profesorado</p>	<ul style="list-style-type: none"> ⌚ Actuar de forma profesional nas relacións entre compañeira/os e coas familias aportando e defendendo ideas, suxestións e colaboración desde este enfoque. ⌚ Prestar o apoio necesario nos conflitos que xurdan e o asesoramento (DO, equipo directivo...) nas posibles actuacións que poidan realizar para intervir na súa solución. ⌚ Facilitar a integración no grupo e no centro do alumnado que se incorpore así como do alumnado con dificultades de aprendizaxe ou neae. ⌚ Conseguir e manter unha comunicación fluída titor/a-alumno/a atendendo ás súas inquedanzas, preocupacións, circunstancias persoais..., co obxecto de resolver e/ou prever posibles conflitos persoais ou colectivos. ⌚ Impulsar medidas que faciliten a organización do traballo e o estudo e fomenten a responsabilidade e a autonomía do alumnado. ⌚ Traballar para que os alumnos/as adquiren habilidades sociais e de xestión emocional. ⌚ Cumprir as normas de organización en relación co funcionamento do centro co fin de favorecer a convivencia entre o profesorado.
<p>3.3 Obxectivos en relación ao alumnado</p>	<ul style="list-style-type: none"> ⌚ Informar, coa debida claridade e precisión, dos obxectivos do plan de convivencia e das normas de organización e funcionamento do centro. ⌚ Promover o respecto e a sensibilización cara as desigualdades sociais derivadas das circunstancias sociais e

	<p>económicas do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ⌚ Promover o valor do diálogo para resolver as diferenzas; o traballo en equipo e a capacidade para comunicarse, negociar e traballar de forma conxunta. ⌚ Intentar minimizar as alteracións nos cambios de clase, recreos, espazos comúns, entradas e saídas..., con medidas preventivas. ⌚ Promover actitudes que favorezan o compañeirismo, tolerancia, respecto doutras culturas e sensibilización dos problemas das persoas con algún tipo de discapacidade, así como a igualdade entre ambos sexos e a prevención da violencia de xénero.
3.4 Obxectivos en relación ás familias	<ul style="list-style-type: none"> ⌚ Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: consello escolar, ANPA, comisión de convivencia. ⌚ Coñecer as condutas contrarias á convivencia e as súas medidas correctoras. ⌚ Colaborar e asumir medidas de prevención e corrección das posibles condutas contrarias á convivencia. ⌚ Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou como previr os mesmos.
3.5 Obxectivos en relación ao persoal non docente	<ul style="list-style-type: none"> ⌚ Informar dos obxectivos do plan de convivencia e das normas de organización e funcionamento do centro e colaborar co seu cumprimento.

4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

4.1 COMPOSICIÓN

En función da Lei 4/2011 , do 30 de xuño, de convivencia e participación na comunidade educativa en materia de convivencia escolar e o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve dita lei, a comisión de convivencia está formada polos

seguintes integrantes:

Presidenta: Estefanía Torres Gaitero

Representante do profesorado: Fátima Touza Veiga

Representante do sector nais/pais: Carmen Fernández Pérez

4.2 FUNCIONES

1. Elaborar o plan de convivencia do centro, coordinar o seu desenvolvemento, avaliación e revisión, coa participación de toda a comunidade escolar.
2. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
3. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
4. Informar ao consello escolar en relación co desenvolvemento do plan de convivencia e as actuacións realizadas, así como propor as medidas de mellora que se consideren.
5. Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
6. Coñecer as correccións impostas e o seu cumprimento efectivo, e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
7. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
8. Avaliar e elaborar un informe anual da análise da convivencia no centro, informe que se incluírá na memoria final anual e que será trasladado ao servizo de inspección educativa.
9. Mediar, se así se requirise, na resolución de conflitos.
10. Estudar con urxencia os problemas que puidesen producirse e asesorar ao equipo directivo nas medidas correctoras a adoptar.
11. Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

4.3 PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS

A comisión de convivencia reunirse, de forma ordinaria, unha vez ao trimestre. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.

Con carácter extraordinario, reunirse tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos membros.

As conclusións e acordos tomados logo de cada reunión da comisión de convivencia poderán ser coñecidas por todos os sectores da comunidade educativa a través dos comunicados que aquela realice. As decisións que correspondan diante de actuacións por temas disciplinarios serán comunicadas ao titor/a, familia e claustro. De forma preceptiva, o consello escolar, nas súas reunións periódicas, recibirá toda a información que a comisión de convivencia xere.

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO

5.1 PLAN DE ACOLLIDA

5.2 CPINCLÚE

5.3 ESCOLA DE NAIS/PAIS

5.4 CONSELLO ESCOLAR DO ALUMNADO

5.5 PLAN DIRECTOR

5.6 ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

5.7 PROXECTO DE CENTRO

5.8 PATIOS DINÁMICOS

5.9 ACTIVIDADES INCLUSIVAS/INTERNIVEIS

5.10 XORNADAS DE CONVIVENCIA

5.11 PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

5.1 PLAN DE ACOLLIDA

ALUMNADO	FAMILIAS	PROFESORADO
Periodo de adaptación para o alumnado de 4º de educación infantil segundo especifique o calendario escolar. Priorizarase sempre a conciliación familiar. En caso de que a familia manifeste o seu interese por reducir horario farase sempre esa redución despois do tempo de lecer.	Dúas xornadas de portas abertas no mes de febreiro antes do periodo de reserva de praza. Reunión inicial no mes de setembro. Entrega dun díptico con información relevante.	Visita ás instalacións do centro. Entrega dun dossier informativo con documentación, horario, gardas, organización do curso, datas das avaliacións, datos do centro entre outras. No dossier tamén se incluírán orientacións educativas para sistematizar as prácticas restaurativas.

5.2 CPINCLÚE

Cada curso escolar como vén sendo habitual, o centro solicitará o programa de innovación educativa CPInclúe nas modalidades Iguála-t, Convive-t, Emociona-t e Inclúe-t.

Para a elaboración do proxecto, valoraranse as necesidades do centro en relación co alumnado e se establecerá contacto con aqueles gabinetes específicos sobre a temática a desenvolver (solicitude de propostas, orzamentos e temporalización).

5.3 ESCOLA DE NAIS/PAIS

Na mesma liña que o punto anterior, consensuaremos os temas que poderían ser de interese para as familias. No caso de presentarse dúbidas, valoraremos a opción de enviar unha pequena enquisa a través da plataforma AbalarBox con diferentes opcións que poderían axustarse as súas necesidades.

Para xestionar a Escola de Nais e Pais coordinaremos as actuacións co Centro de Formación e Recursos de Pontevedra e, en ocasións, coa AFA.

5.4 CONSELLO ESCOLAR DO ALUMNADO

Mensualmente, reunirase o Consello de Sabios para abordar temas de centro que afectan directamente ó alumnado. Estes temas poden ter relación coa convivencia, coas saídas complementarias, cos recursos ou con propostas de mellora do alumnado.

Unha vez finalizada a reunión levantarase acta dos temas tratados e os acordos tomados.

5.5 PLAN DIRECTOR

Cada curso académico valoraremos a necesidade de impartir charlas a través do Plan Director. Primeiramente descartaremos aquelas temáticas que xa están cubertas no programa de innovación educativa CPIInclúe. A continuación, faremos unha análise das carencias ou inquedanzas do noso alumnado con respecto a temas que deben ser abordados para facer fronte ás demandas da sociedade actual.

5.6 ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Colaboraremos con asociacións e fundacións que promoven a inclusión e a visibilización de colectivos con diversidade funcional (Enki entre outros) ademais de programar visitas ou colaboracións con centros asistenciais a persoas maiores (Saraiva, Diacopevi).

5.7 PROXECTO DE CENTRO

Cada curso académico consensuaremos un proxecto de centro relacionado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 da ONU procurando que as actividades e saídas complementarias contribúan a sensibilizar ao alumnado sobre ese obxectivo que se pretende, teña impacto positivo a nivel mundial.

5.8 PATIOS DINÁMICOS

Trimestralmente farase unha valoración do funcionamento dos patios a nivel de claustro e de Consello de Sabios: equipamento necesario, organización, conflitos que

poidan ser susceptibles de mellora, etc.

5.9 ACTIVIDADES INCLUSIVAS/INTERNIVEIS

Como práctica habitual, mesturaranse os alumnos/as de diferentes idades para levar a cabo celebracións ou actividades organizadas en diferentes conmemoracións. Será unha forma de agrupamento moi enriquecedora para todas as alumnas/os e unha oportunidade de responsabilizar aos de maior idade no coidado dos máis cativos do centro.

5.10 XORNADAS DE CONVIVENCIA

Organizaranse mínimo tres xornadas de convivencia durante o curso escolar:

Implicados	Responsables	Temporalización
Familias e alumnas/os	AFA	Mes de Xuño
Alumnado e profesorado	Claustro	Mes de maio
Profesorado	Equipo directivo	Mes de xuño

5.11 PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

Pretendemos sistematizar o uso das prácticas restaurativas a nivel de centro co profesorado, alumnado e familias.

A principio de curso, o equipo de Convivencia entregará ao profesorado un dossier cos aspectos teóricos e prácticos básicos e fundamentais sobre as prácticas restaurativas invitando ao profesorado a incorporalas no seu traballo diario como estratexia para mellorar a convivencia do centro.

6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, e TRATAMENTO DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

Considérase acoso escolar *“calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de*

carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.

O noso documento referencia para coordinar todas as actuacións ante un posible caso de acoso ou ciberacoso escolar será o *Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*.

A modo de resumo se recollen as fases do procedemento de actuación:

1. COÑECEMENTO DA SITUACIÓN <i>Anexos 1-6</i>	2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN <i>Anexos 7-14</i>	3. ANÁLISE E ADOPCIÓN DE MEDIDAS <i>Anexos 15-16</i>	4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN <i>Anexos 16-final</i>
<ul style="list-style-type: none"> - Medidas urxentes de protección -Comunicación ás familias -Nomeamento instructor/a - Comunicación outros profesionais -Comunicación inspección e comisión de convivencia 	<ul style="list-style-type: none"> - Recollida inicial - Entrevista alumnado - Entrevista familias -Entrevista observadoras/es -Solicitude asesoramento - Rexistro dos datos - Prazo: dous días 	<ul style="list-style-type: none"> -Análise da información - Medidas provisionais -Solicitude axuda externa -Incoacción expediente.Prazo: tres días - Medidas educativas -Medidas reeducadoras e correctoras 	<ul style="list-style-type: none"> -Grao de cumprimento - Eficacia das medidas adoptadas -Comunicación inspección e comisión de convivencia
Responsable: DIRECCIÓN	Responsable: INSTRUTOR/A	Responsables: DIRECCIÓN C.CONVIVENCIA DO	Responsables: DIRECCIÓN C.CONVIVENCIA DO



7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

7.1 NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

7.1.1 ALUMNADO

ALUMNADO EN AULA E CENTRO

- Todos os alumnos/as cumprirán e respectarán os horarios aprobados para o desenvolvemento das distintas actividades do centro.
- Os alumnos/as mostrarán respecto a todos os membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, persoal non docente e familias), persoal dos servizos complementarios e responsables das actividades complementarias e extraescolares.
- As alumnas/os utilizarán unha linguaxe correcta, evitando palabras e xestos que poidan resultar discriminatorios ou ofensivos.
- Os alumnos/as respectarán o material escolar propio e as pertenzas alleas.
- As alumnas/os obedecerán as indicacións de todo o profesorado e do persoal adulto adscrito ao centro.
- Os alumnos virán ao centro vestidos correctamente e debidamente aseados. Enténdese vestimenta correcta:
 - Que non atente contra a súa dignidade e intimidade.
 - Que non sexa susceptible de impedir ou dificultar a normal participación do alumnado nas actividades docentes.
 - Que non supoña discriminación por razón de sexo.
 - Que non supoñan un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa.
 - Que non porte imaxes ou mensaxes contrarios á convivencia: xenófobos, violentos, discriminatorios, difamatorios, groseiros...
- As alumnas/os non poderán saír do centro durante o período lectivo sen ir acompañados dun dos seus pais/titores ou persoa autorizada asinando este o

documento de recollida destinado a tal fin.

-Os alumnos/as non poderán traer ao centro dispositivos electrónicos agás con autorización expresa do profesorado tal e como se recolle a *Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos*.

-Os alumnos/as non poderán traer ao centro xoguetes agás con autorización expresa do profesorado.

-Non se permite o consumo de larpeiradas en horario lectivo, agás co permiso do profesorado en contextos puntuais.

-O alumnado non permanecerá só nas aulas. O profesorado terá que esperar ao profesor entrante.

-Non se permite o consumo de chicles no centro.

NORMAS QUE REGULAN O COIDADO E A UTILIZACIÓN DOS MATERIAS, INSTALACIÓNS E ESPAZOS COMÚNS

- Os alumnos/as coidarán as instalacións e o material do centro usándoas de forma correcta.

- A limpeza e a orde, tanto na aula como nos espazos comúns interiores e exteriores, debe ser obxectivo permanente do noso centro polo que se porá o máximo esmero en non tirar papeis e outros obxectos ao chan, non pintar as paredes e o mobiliario escolar e manter o colexio nas mellores condicións de orde e limpeza posibles.

-Os desprazamentos polos corredores, escaleiras e demais dependencias do centro faranse con tranquilidade e orde.

-Durante o tempo de lecer ningún alumno/a poderá permanecer na aula nin nos corredores a non ser que se atope con algún profesor/a.

-Durante o tempo de lecer (no patio exterior), non está permitida a entrada no centro (agás en casos excepcionais).

-En ningún caso, se merendará nos espazos comúns interiores do centro. A merenda, en caso de chuvia, será sempre na aula correspondente.

NORMAS QUE REGULAN A ACTIVIDADE ACADÉMICA E O TRABALLO NA

AULA

- O estudo e o traballo académico é un deber fundamental do alumnado quen tratará, en función das súas posibilidades, de mellorar a súa formación, pondo para iso o máximo esforzo e interese.
- As alumnas/os traerán ao colexio o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades académicas.
- Cada profesor/a regulará e exporá aos alumnos/as a principio de curso as normas xerais que regulan as actividades e o traballo da súa área.
- Cando un curso teña que ir a unha dependencia do centro distinta á da súa aula, farao acompañado polo profesor/a correspondente e gardando orde e silencio, para non entorpecer as actividades académicas das compañeiras/os doutras clases.
- As alumnas/os manterán a atención ás explicación e indicacións do profesor/a.
- É deber fundamental do alumnado respectar o exercicio o dereito ao estudo e traballo dos seus compañeiros/as.
- É obriga de todos os alumnos/as asistir a clase con puntualidade.

NORMAS QUE REGULAN O COMPORTEAMENTO NO TRANSPORTE

ESCOLAR

- O alumnado irá correctamente sentado no lugar asignado, utilizando o cinturón de seguridade, se houbese.
- Non alborotar nin molestar aos compañeiros/as.
- Respectaranse as indicacións das/os responsables: profesorado, coidadores/as, condutor/a.
- Respectar o equipamento do autobús.
- Non correr nin saírse da ringleira nas subidas e baixadas.
- Estar á hora indicada nas paradas correspondentes.
- Durante as esperas nas paradas, o alumnado non deberá estar correndo nin xogar con elementos que supoñan perigos innecesarios.

-Todos as alumnas/os evitarán pasar ou permanecer detrás dos autobuses ou meterse debaixo para alcanzar algún obxecto.

NORMAS QUE REGULAN O COMPORTAMENTO NO COMEDOR ESCOLAR

-No comedor gardarase a debida compostura e obedeceranse as indicacións do persoal responsable do mesmo.

-As relacións persoais deberán rexirse polas mesmas normas de convivencia que no resto da actividade educativa, respectando os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e cumprindo cos seus deberes.

-Atenderase ao regulamento do comedor escolar aprobado pola AFA.

NORMAS QUE REGULAN OS TEMPOS DE LECER

-Cando soe o timbre que sinala o comezo do tempo de lecer o profesorado en aula acompañará ao alumnado correspondente ao hall de entrada supervisando o seu comportamento por corredores e escaleiras.

-Respectarase a distribución do patio para os distintos niveis.

-Manterase limpo o patio empregando os colectores correspondentes para desbotar o lixo restante das merendas.

-Por norma xeral, unha vez no patio exterior, o alumnado non accederá ao centro agás en casos excepcionais.

-Non se permiten xogos bruscos que poidan poñer en perigo a súa integridade ou a dos compañeiros/as.

-Cando toque o timbre, deterase o xogo para entrar nas aulas.

-Non se deixará material nin roupa abandonados no patio. O profesorado de garda supervisará esta cuestión, en especial, no tocante ao alumnado de educación infantil.

-No caso de non saír, o alumnado quedará nos espazos distribuídos para tal fin (polo creativo, biblioteca, ximnasio, aula multixogo).

-No interior do centro (agás no ximnasio) non se permitirán xogos que impliquen gritos, carreiras, movemento de balóns ou outros similares; podéndose realizar xogos

de mesa ou outras actividades que non supoñan perigo nin para o alumnado nin para o material e permitan un certo nivel de orde e silencio.

-No caso de acudir á biblioteca durante o tempo de lecer merendarase no banco habilitado para tal fin e non se permitirán as entradas e saídas de alumnado.

-Empregarase de maneira axeitada o material do patio que quedará debidamente recollido ao rematar o tempo de lecer.

7.1.2 PERSOAL DOCENTE

No ámbito da convivencia establécense as normas que se derivan do exercicio dos dereitos e deberes enumerados no apartado 7.2, ademais:

-Cumprir o seu horario, asistindo con puntualidade ás clases e ás reunións.

-Cumprir os cargos e tarefas que lle sexan encomendados, de acordo á normativa vixente.

-Participar activamente no control e xestión do centro.

-Cumprir e colaborar no desenvolvemento dos acordos e normas aprobadas polos equipos e órganos de coordinación docente, de goberno e participación e Comisión de Convivencia, de acordo á normativa vixente.

-Atender de forma individualizada ao alumnado, aplicando as medidas de ampliación ou reforzo, cando fosen precisas, en colaboración co DO.

-O profesorado deberá combinar as actividades docentes coas educadoras, de forma que sirva de apoio e estímulo ao alumnado, para superar as posibles dificultades.

-O profesorado deberá incluír, no seu plan de acción tutorial, dinámicas restaurativas que favorezan a resolución pacífica de conflitos desde unha perspectiva reflexiva e restaurativa coas persoas afectadas.

7.1.3 PERSOAL NON DOCENTE

Coidadora

-Colaborar na prevención e mellora da convivencia escolar, de forma especial no que respecta ao alumnado obxecto da súa atención, en estreita colaboración e

seguindo as indicacións do titor/a, DO e dirección do centro.

-Gardar a confidencialidade esixida naqueles asuntos que o requiran, en especial no referente ao alumnado e familias.

7.2 DEREITOS E DEBERES (Lei 4/2011, do 30 de xuño)

Dereitos das nais e pais ou das titoras ou titores:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Deberes das nais e pais ou das titoras ou titores:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Dereitos do alumnado:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Deberes do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos do profesorado:

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos do persoal de administración e de servizos:

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

Deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

8. ESTABLECIMENTO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO

8.1 ÁMBITO DE CORRECCIÓN

Serán obxecto de corrección as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar nos seguintes ámbitos:

1. As que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar en horario lectivo ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares dentro ou fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. As condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.
3. As condutas realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento.
4. Non se poderán aplicar medidas correctoras por actos ou omisións que non estivesen tipificadas, de forma explícita ou implícita, neste regulamento.

8.2 PRINCIPIOS XERAIS DAS CORRECCIÓNS EDUCATIVAS

A reunión restaurativa será a estratexia habitual e preferente para a resolución de conflitos no ámbito escolar. No caso de non obter o resultado esperado, as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

1. Deberán ter un carácter educativo e restaurador, garantirán o respecto aos dereitos do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro.
2. Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida e contribuír a que a alumna ou o alumno corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as

súas relacións e se integre no centro educativo.

3. Non se poderán impoñer correccións educativas contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno ou alumna.

4. O incumprimento das normas de convivencia será valorado, antes da imposición da corrección, tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido. A estes efectos, poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as aludidas circunstancias e recomendar, no seu caso, aos pais do alumno ou alumna, ou ás institucións públicas competentes, a adopción das medidas necesarias.

5. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas neste regulamento que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

6. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

7. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

8. Poderán crearse aulas de convivencia inclusiva, non estables, con vocación de substituír o tempo de suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro, conforme ao contemplado no artigo 19.3 da Ley 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

9. Informarase as persoas proxenitoras ou representantes legais sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste regulamento.

8.3 GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

1. A efectos da gradación das correccións educativas, consideraranse circunstancias

que atenúan a responsabilidade:

- a) O recoñecemento espontáneo da incorrección da conduta.
- b) A reparación espontánea do dano producido, sexa físico ou moral.
- c) A falta de intencionalidade maliciosa na causación do dano ou na perturbación das actividades do centro.
- d) O carácter ocasional da falta na conduta da alumna ou alumno.
- e) O ofrecemento de actuacións compensatorias do dano causado.

2. Consideraranse circunstancias acentuantes ou agravantes:

- a) A intencionalidade, premeditación maila reiteración.
- b) Calquera conduta que supoña atentar contra o dereito á non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, lingua, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, minusvalía, situación de indefensión, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.
- d) A gravación e difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, de imaxes das condutas obxecto de corrección.
- e) A natureza e entidade dos prexuízos causados ao centro ou a calquera dos integrantes da comunidade educativa.
- f) A incitación ou estimulación da actuación colectiva lesiva dos dereitos dos demais membros da comunidade educativa e a publicidade manifesta da actuación contraria ás normas de convivencia.

8.4 CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO

Están recollidas no Decreto 8/2015 que desenvolve a lei 4/2011, de 30 de xuño, de

convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR	
CONDUTA LEVE	MEDIDAS CORRECTORAS
<p>a) Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares e os servizos complementarios.</p> <p>b) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>c) As condutas que poidan impedir ou dificultar aos seus compañeiros ou compañeiras o exercicio do dereito ou o cumprimento do deber de estudo.</p> <p>d) *As faltas reiteradas e inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase, sempre que non supoñan absentismo escolar inxustificado.</p> <p>e) A saída do recinto escolar por iniciativa propia e sen a compañía dun adulto.</p> <p>f) O trato incorrecto e desconsiderado cara aos outros membros da comunidade educativa, persoal dos servizos complementarios, monitores/as ou terceiras persoas, no centro</p>	<p>a) Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.</p> <p>c) As consecuencias naturais: deixar que os alumnos/as experimenten as consecuencias naturais e lóxicas da súa mala conducta a fin de que perciban por que unha norma particular é importante.</p> <p>d) Realización de tarefas ou traballos específicos en horario lectivo.</p> <p>e) Suspensión temporal dalgunha actividade do seu interese (tempo de lecer ou outro) acompañado sempre dun mestre/a.</p> <p>f) Realización de tarefas dentro e/ou fóra do horario lectivo que</p>

<p>centro e nas visitas e saídas.</p> <p>g) A participación en pequenas liortas, espontáneas e non premeditadas.</p> <p>h) As faltas de desobediencia leve ao profesorado, responsables dos servizos complementarios e monitores/as das actividades complementarias e extraescolares.</p> <p>i) Causar, de forma intencionada ou negligente, pequenos danos nas instalacións, recursos ou documentos do centro, no material escolar propio ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa e persoal vinculado ao centro. Tamén durante as visitas e saídas.</p> <p>j) Portar xoguetes, obxectos e aparatos (teléfono móbil, gravadora de voz, consolas...) prohibidos nas normas de centro e de aula, que poidan ser usados malintencionadamente ou sexan susceptibles de causar distracción ou perturbar o desenvolvemento das actividades docentes e a convivencia.</p> <p>k) A representación, exhibición ou difusión, inconsciente e inintencionada, de símbolos, mensaxes, imaxes... que representen ou incorporen contidos violentos, xenófobos, degradantes ou vexatorios.</p>	<p>contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, recursos materiais, documentos ou obxectos. A realización destas tarefas non se poderá prolongar nun período superior a cinco días.</p> <p>g) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</p> <p>h) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>i) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>j) Suspensión temporal do dereito</p>
--	---

<p>o) Calquera outra incorrección que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar, que non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia no centro.</p>	<p>de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>
---	---

RESPONSABLES DAS MEDIDAS CORRECTORAS

A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c), d), e) e f).

A persoa titular da Dirección do centro ou a persoa que ocupe a Xefatura de estudos, oídos a alumna ou alumno, a súa profesora ou profesor ou titora ou titor e informada a comisión de convivencia no caso das medidas previstas nas alíneas g), h), i) e j).

* A responsabilidade sobre as faltas de asistencia e puntualidade e a súa xustificación, contempladas na línea d) deste apartado corresponde ás familias e/ou organización familiar.

Co obxecto de valorar e reconducir a situación establécense as seguintes medidas:

1. Convocatoria de reunión de titoría previa ao inicio do expediente de absentismo.
2. Expediente de absentismo (protocolo de absentismo escolar).

8.5 CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA, MEDIDAS CORRECTORAS, RESPONSABLES E PROCEDIMENTOS DE CORRECCIÓN

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	
CONDUTAS	MEDIDAS CORRECTORAS
a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e	a) Realización, dentro ou fóra

<p>as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.</p> <p>f) A suplantación de personalidade en actos da</p>	<p>do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro por un período entre 5 e 15 días.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>c) Cambio de grupo.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante</p>
--	--

vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. A persoa que desempeñe as funcións da xefatura de estudos coordinará este proceso.

f) Cambio de centro (esta medida terá carácter excepcional).

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións correspondentes, tal como figura na Lei 4/2011 de Convivencia e participación da comunidade educativa. Os criterios para a elección do instrutor responderán ás directrices sinaladas nos puntos 3 e 4 do artigo 48 do DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño.

-Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º) Para o desenvolvemento do procedemento conciliado seguirase o regulado nos artigos 49, 50 e 51 do citado Decreto.

-Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

8.5.1 Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
2. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, conforme ao seguinte procedemento:

A dirección do centro poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir. Con tal obxecto nomeará unha un profesor/a responsable das averiguacións previas. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos. A dirección do centro, en reunión da comisión de convivencia, con asesoramento da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e do profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará a conveniencia ou non do inicio do proceso. De estimarse conveniente propondrá o procedemento de corrección máis adecuado e nomeará unha persoa instrutora, procurando, sempre que concorran as circunstancias necesarias, o procedemento conciliado (neste caso nomeará unha persoa mediadora) e intentado a conciliación entre os implicados a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos. Co obxecto de garantir o normal desenvolvemento da convivencia no centro, no propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a dirección poderá adoptar motivadamente -por iniciativa propia ou por instancia da comisión de convivencia, do orientador/a ou da persoa instrutora como medidas provisionais, o cambio temporal de grupo/nivel da alumna/o ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro, a determinadas clases (organizando a atención da maneira máis conveniente) ou actividades,..., por un período non superior a tres días

lectivos. Durante o tempo que dure a aplicación desta medida provisional, a alumna ou alumno deberá realizar as actividades que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.

8.5.2 Aspectos formais dos procedementos correctores

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberá formalizarse por escrito logo da tramitación dos procedementos de corrección establecidos.
2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade .
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora, así como o da persoa mediadora no suposto de procedemento conciliado. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.
4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos e tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.
7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e

comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

8. Recusación do/a instrutor/a: Os pais ou titores legais da alumna ou alumno poderán recusar á instrutora ou instrutor. A recusación deberá formularse por escrito dirixido á directora ou director do centro, que deberá resolver e ante quen o recusado ou recusada realizará as súas manifestacións ao respecto, sendo de aplicación as causas e os trámites previstos no art. 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que proceda.

9. Abstención do/a instrutor/a: O instrutor pode absterse de xeito motivado conforme ao establecido no artigo 28 da Lei 30/1992. A abstención deberá formularse por escrito dirixido á directora ou director do centro, quen deberá resolver o procedente.

8.5.3 Inicio do procedemento de corrección.

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito ás persoas proxenitoras ou representantes legais da alumna ou alumno, informándoos sobre o procedemento que se seguirá. Informarase á inspección educativa.

2. Nos casos en que se lles ofrece a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, comunicarase tamén á parte agraviada. Ambas partes informarán por escrito á dirección do centro da aceptación ou non deste procedemento, no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non recibir comunicación de ambas ou dalgunha das partes nese prazo, ou de non ser esta favorable, aplicarase o procedemento común. Informarase á inspección educativa.

3. A dirección do centro encomendará a instrución dos procedementos correctores a un membro do claustro, considerando as seguintes premisas, por orde de importancia:

-Experiencia ou formación en convivencia escolar e/ou trastornos de conduta.

-Bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa.

-Non imparta docencia ao alumnado obxecto de corrección.

-A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.

Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas restauradoras do dano.

Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións, se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

AFA A Fracha	<p>A nosa asociación de familias solicita anualmente a subvención de igualdade. O centro sempre é informado do proxecto, coordinando a temporalización, recursos e espazos.</p> <p>Co presuposto anual, o alumnado sempre goza dun ou dous obradoiros de temática diversa segundo as necesidades do centro consensuados por ambas institucións.</p> <p>Ademais, desde a asociación se levan a cabo xornadas anuais de convivencia para familias e alumnado cunha participación de máis do 60%.</p>
CONCELLO DE PONTE CALDELAS	<p>Participamos nas iniciativas propostas polo Concello (actividades de convivencia, enquisas de igualdade entre outras).</p> <p>Cando as actividades son fóra do horario lectivo procuramos dar difusión das mesmas a través do taboleiro do centro e das redes sociais.</p>
OUTROS CENTROS EDUCATIVOS	<p>Como centro inscrito en Xogade, anualmente participamos en xornadas de deporte escolar que supoñen un espazo de convivencia intercentros.</p> <p>Achéganse ou recibimos propostas en colaboración con outros centros da contorna tendo sempre boa acollida por</p>

	ámbalas dúas partes.
OUTRAS INSTITUCIÓNS	O noso proxecto anual (Axenda 2030 da ONU) define a liña das saídas complementarias e das institucións coas que establecer colaboracións (poden ser do propio Concello ou outras).

10. DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia será publicado na páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipreigosa/>. Os seus aspectos xerais será recollidos no díptico informativo que se entrega as familias ao inicio do curso. Do mesmo xeito, os aspectos básicos deste Plan serán trasladados nas reunións presenciais iniciais coas familias entre os meses de setembro e outubro.

A comisión de convivencia, nas súas reunións periódicas, será a encargada do seguimento e funcionamento do Plan de Convivencia.

A continuación, expóñense os aspectos susceptibles de avaliación, os instrumentos empregados e os indicadores correspondentes:

ASPECTOS AVALIABLES	INSTRUMENTO	INDICADOR/ES
DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA DO CENTRO	Rexistros de faltas de conduta	O 95% das condutas contrarias á convivencia foron resoltas de maneira restaurativa
GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PLANTEXADOS NO PLAN DE CONVIVENCIA	Enquisa AbalarBox para profesorado	O 80% dos obxectivos conseguidos

VALORACIÓN DAS ACTUACIÓNS OU PROGRAMAS PREVISTAS NO PLAN QUE FAVORECERON A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN	Enquisa AbalarBox para profesorado	O 90% do profesorado valora positivamente as actuacións
VALORACIÓN DO PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDO POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Enquisa de AbalarBox para o profesorado	O 90% do profesorado valora positivamente as actuacións
VALORACIÓN DA MEDIACIÓN ESCOLAR	Enquisa de AbalarBox para o profesorado	O 90% do profesorado valora positivamente as actuacións
VALORACIÓN DA ESCOLA DE NAIS E PAIS	Enquisa de AbalarBox ás familias	O 90% das familias asistentes valoran positivamente as charlas da escola de nais e pais
VALORACIÓN DOS MECANISMOS DE COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS	Escala de observación	Estableceuse colaboración positiva entre outras entidades, institucións ou

CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO		departamentos (Raogal)
VALORACIÓN DAS ACCIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA DESENVOLVER O PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES	Enquisa de AbalarBox a profesorado e alumnado de 3º ciclo de primaria	<p>O 90% do profesorado avalía positivamente as iniciativas que proveñen doutras institucións</p> <p>O 10% do profesorado opina que as actuacións non foron suficientes</p> <p>O 95% do alumnado participa activamente nas actividades propostas</p>

Nas enquisas engadiranse espazos reservados para as propostas de mellora co fin de recollelas na memoria final e levar a cabo actuacións máis concretas e axustadas ás nosas necesidades.

11. APROBACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O presente documento foi aprobado en sesión ordinaria de consello escolar o día 23 de xaneiro de 2024.